

Un ano máis, coa chegada do Nadal, o **Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)**, oferta a 11ª edición do Programa

InfoNadalConsumo2019

que na presente edición leva por título:

“Este Nadal, menos é máis.

Por un consumo responsable”



Información e solicitudes:
Instituto Galego do Consumo e da Competencia

consumo.xunta.gal
igc.escuela@xunta.gal

Enderezo:

Avenida de Gonzalo Torrente
Ballester, 1- 5 baixo
15.707 Santiago de Compostela

Teléfonos:

881 999 091/ 881 999 075

InfoNadalConsumo

2019

**“ESTE NADAL,
MENOS É MÁIS.
POR UN CONSUMO
RESPONSABLE”**

PRESENTACIÓN

Un ano máis, o **Instituto Galego do Consumo e da Competencia** organiza a campaña:

“InfoNadalConsumo” relacionado coas compras de Nadal.

O programa pretende atender dun xeito especial os aspectos informativos sobre o consumo nestas datas, co fin de garantir que se cumpran os dereitos das persoas consumidoras.

Consume responsablemente e con seguridade!



INFONADALCONSUMO 2019

As actividades formativas de **InfoNadalConsumo2019** ofértanse desde a EGC con persoal, recursos e materiais propios. Este programa está dirixido ás Asociacións de Consumidores de Galicia, á comunidade educativa e á sociedade galega en xeral. As actividades desenvólvense a través de charlas e obradoiros, adaptadas ás características de cada grupo.

Lugar de realización: instalacións da EGC ou na propia entidade.

Horario: de mañá e tarde.

Duración das actividades: 1 hora aproximadamente.

Condições de participación:

consumo.xunta.gal

ACTIVIDADES

De 3 a 7 anos: *Pido, pido...con sentido!*

Descrición: Narración dun conto que ten como finalidade promover unha escolla de agasallos non influenciada pola publicidade e o xénero. Afondando na elección dos xoguetes seguros e sen riscos. Para isto, cada nena e neno creará o seu propio xoguete.

De 8 a 12 anos: *Publicidade e agasallos, que pido este ano?*

Descrición: charla participativa na que as nenas/os reflexionarán sobre como inflúe a publicidade na elección dos agasallos e a importancia de coñecer as características reais dos produtos. A continuación crearán un cartel publicitario sobre un produto novidoso destas datas, tendo en conta o traballado.

De 13 a 18 anos: *A influencia da publicidade na escolla dos agasallos.*

Descrición: charla participativa na que se traballará a influencia da publicidade nas eleccións dos agasallos de Nadal. Ademais, daranse a coñecer unhas nocións básicas sobre o etiquetado dos produtos, a ter en conta para unha escolla segura e sen riscos (produtos electrónicos, téxtiles, videoxogos, etc.).

18 anos en diante: *Compra segura no Nadal.*

Descrición: Charla participativa que pretende afondar nas vendas a distancia e nos dereitos das persoas consumidoras. Ademais, traballaranse aspectos coma o dereito de desestimento, garantías e vías de reclamación no caso de que os nosos dereitos se vexan vulnerados.